

Comisión de Calidade da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión de Calidade da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 24 de setembro de 2021 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Informe razoado das memorias de Grao en Intelixencia Artificial e Máster en Intelixencia Artificial.

A Comisión de Calidade aproba os informes das memorias de Grao en Intelixencia Artificial e Máster en Intelixencia Artificial.

2. Revisión dos criterios de concesión dos Premios Leonardo á Docencia.

A Comisión de Calidade decide manter os criterios de aceptación de enquisas de profesorado conforme ao regulamento dos Premios Leonardo da ETSE, e non adaptalos aos criterios de validación de enquisas da USC.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos:

- Informe razoado da Memoria do Grao en Intelixencia Artificial
- Informe razoado da Memoria do Máster en Intelixencia Artificial

INFORME DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA SOBRE O GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A Comisión de Calidade da ETSE, na súa sesión celebrada o XX/9/2021, acordou informar favorablemente sobre a proposta de Grao en Intelixencia Artificial (IA) impulsada pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

Tal e como se indica na memoria do título proposto, a Intelixencia Artificial é un área puxante que presenta unhas perspectivas de impacto na economía mundial moi substanciais. Algúns dos ámbitos de aplicación máis relevantes da IA son a industria 4.0, a enerxía e o medioambiente, a saúde e o benestar, a intelixencia de negocio e o sector financeiro e de seguros.

A nivel autonómico, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA, Xunta de Galicia) está a desenvolver a Estratexia Dixital de Galicia 2030, en cuxos documentos relativos ao “Foro de Debate Profesional Estratexia Dixital de Galicia 2030” descríbese a relevancia da IA en ámbitos estratéxicos para a comunidade como a saúde e o benestar, o envellecemento activo, o patrimonio cultural, cunha perspectiva de IA responsable e cuantificando que, para 2030, a IA contribuirá á economía mundial por un valor de 13,3 billóns de € (deles, o 58% provirán de oportunidades relacionadas coa experiencia do consumidor) e que un 14% do PIB global será debido ao impacto da IA.

A oferta no SUG de graos en Enxeñaría Informática alcanza xa as tres décadas de vida. Hoxe as tres universidades galegas teñen unha oferta consolidada e de calidade neste ámbito, aínda que con potencial de crecemento. Con todo, o crecemento incesante da demanda e, sobre todo, a diversificación dos perfís profesionais que demandan os empregadores, ao fío, tamén, do desenvolvemento imparabile das tecnoloxías dixitais e, en particular, das Tecnoloxías Intelixentes, fixo que as universidades, tralo acordo asinado en Maio de 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades, propuxesen este título de grao interuniversitario.

A ETSE, ademais de levar mais dunha década impartindo o Grao en Enx. Informática (e previamente a Enx. Técnica en Informática de Sistemas), cunhas taxas de demanda altísimas, conta cunha plantilla docente con alta especialización en IA. De feito, moitos dos/as docentes do Departamento de Electrónica e Computación están ademais adscritos/as ao CiTIUS-Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC, que ten de forma permanente a máis de medio centenar de investigadores en formación, sendo o único centro de investigación especializado en IA de Galicia e un dos poucos de España. A ETSE é polo tanto un centro ideal para poñer en marcha este novo título enfocado a unha temática tan emerxente.

Subliñar tamén que, tal e como consta na memoria do título, a ETSE precisa novos espazos para a posta en marcha desta titulación. En concreto, para o seu inicio no curso 2022/23 precisaríamos dun aula para docencia expositiva e dúas aulas para docencia interactiva (aula de informática ou aula versátil electrificada na que o alumnado acude cun

ordenador portátil) e, posteriormente, para a implantación total do título estimamos unhas necesidades de ata dúas aulas de teoría e catro aulas de informática.

INFORME DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA SOBRE O MÁSTER EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A Comisión de Calidade da ETSE, na súa sesión celebrada o XX/9/2021, acordou informar favorablemente sobre a proposta de Máster en Intelixencia Artificial (IA) impulsada pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

Tal e como se indica na memoria do título proposto, a Intelixencia Artificial (IA) é unha das áreas que máis interese atrae no ámbito das Ciencias da Computación, tanto dende o punto de vista científico-académico como dende o punto de vista das súas aplicacións en múltiples sectores de actividade. Ao longo da historia da Intelixencia Artificial xurdiron desenvolvementos e aplicación que a converteron nunha área de coñecemento consolidada e de demostrado interese económico e social.

A Intelixencia Artificial experimentou a nivel empresarial un auxe sen precedentes, apoiado no gran volume de desenvolvementos que se están producindo no ámbito académico, e, ademais, no seu marcado carácter multidisciplinar. As aplicacións da Intelixencia Artificial abranguen todos os sectores económicos industriais, o que incrementa en maior medida a demanda existente do perfil e isto obriga á Universidade a contribuír coa formación de profesionais expertos/as en Intelixencia Artificial que poidan satisfacela. Existe unha alta demanda por parte de graduados/as en distintas áreas (Informática e outras enxeñarías, Matemáticas, Física, etc) que precisan unha formación de posgrao en IA e, na actualidade, no mapa de Másters do SUG non existe ningún que aborde de modo transversal e xeralista o campo da IA. Isto fixo que as universidades, tralo acordo asinado en Maio de 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades, propuxesen este título de máster interuniversitario.

A ETSE, ademais de levar mais dunha década impartindo o Grao en Enx. Informática (e previamente a Enx. Técnica en Informática de Sistemas), cunhas taxas de demanda altísimas, e diversos Másters de Especialización conta cunha plantilla docente con acreditada traxectoria en IA. De feito, moitos dos/as docentes do Departamento de Electrónica e Computación están ademais adscritos/as ao CITIUS-Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC, que ten de forma permanente a máis de medio centenar de investigadores en formación, sendo o único centro de investigación especializado en IA de Galicia e un dos poucos de España. A ETSE é polo tanto un centro ideal para poñer en marcha este novo título enfocado a unha temática tan emerxente.

Subliñar tamén que, tal e como consta na memoria do título, a ETSE precisa novos espazos para a posta en marcha desta titulación. En concreto, para este máster precisaríamos dun aula con acceso a medios para docencia non presencial.